

ABONO 4 2017

FRANZ JOSEPH HAYDN [1732-1809]

Sinfonía nº 94, en sol maior, Hob. I/94 «A sorpresa», 1791

É posible anticipar unha sorpresa e pretender que siga sorprendendo? Esta sinfonía, *hit* do período londinense do compositor vienés, é coñecida polo seu «spoiler» o cal nos predispón á alerta, como a nenos de viaxe: «é esta a sorpresa?, falta moito?»

«A Sorpresa» é un dos seus alcumes. Outro, máis axeitado, «a Sinfonía do golpe do timbal»[*Sinfonie mit dem Paukenschlag*]. Ninguén como Haydn para interpelar á súa audiencia: regatea o predicible, o incómodo. Un mestre da atención intelixente, do que hoxe alguén vendería como «escoita activa».

Para expor este programa boto man dun recurso: un intercambio de cartas imaxinarias entre Maria Anna von Genzinger [esposa do médico do Príncipe Esterházy, a cuxa corte tamén pertencía o noso músico] e o propio Haydn. As súas relacións, só epistolares, foron fecundas e significativas entre 1789 e 1792, ano en que ela finou aínda nova.

Aclaro que estas cartas son ficticias [non os seus feitos; así mesmo, presentan anacronismos como Internet ou a tarta Sacher] e serven ao propósito de acompañarte por esta vivaz peza de relaxaría dun sesentón [con espírito sesentañeiro] que se resetea cun cambio de aires, de público, de prestixio. Afortunado Haydn e, por que non, se cadra el mesmo o primeiro sorprendido.

Londres, 1792

A miña nobre e respectada Frau von Genzinger,

Lembras cando non hai apenas dous anos che escribía que me sentía un pobre rapaz desamparado, añorando tempos pasados, as súas festas...? Oh, o meu ánimo cambiou tanto como as nubes sobre o Támesis desta urbe que con tanta hospitalidade me acubilla.

Si, miña venerada Marianne, o éxito inglés faime sentir pleno! Como saberás, o meu contrato co empresario J. P. Salomon era por dúas tempadas en Londres. Culminamos a primeira e con esta flamante primavera ás portas estreamos sinfonía.

Canto me compracería que a escoitases, queridiña, seguro que poderías arranxar algo para tocar ao pianoforte e deleitar aos teus pequenos! Mándoche unha ligazón para que a escoitedes. Desprende humor, suspense... e un chisco de *morriña*. Aquí ovacionárona!

Polo demais a miña vida social segue atarefada, así que desculpa se abrevio estas letras: debo poñerme a perruca, maquillarme e sentarme ante a partitura sen dilación – xa sabes que non me inspiro en zapatillas–. Imaxina, o mesmo Herschel, un músico nomeado Astrónomo Real pola súa Maxestade, convidoume ao seu Observatorio non lonxe de Londres. Espiar estrelas, planetas! Que che parece, querida? Non soa tan exquisito e inesperado como a propia Creación?

Ben pensado, xa vivo como unha estrela aquí, radiante ao compartir estes momentos cun espírito delicado e talentoso coma o teu. Saúda aos teus amados meniños de parte de «Papa Haydn» e o meu maior respecto ao teu esposo Leopold.

Teu atentísimo Q.B.A.M,

Franz Joseph von Haydn

Meu moi admirado Herr von Haydn,

Nestes días fixo tan mal tempo en Viena que agradezo esas boas noticias dende as illas. escoitei a súa flamante Sinfonía esta mesma mañá e xa lle adianto que me debe vostede unha vaixela de café.

Cos primeiros compases do *Adagio-Vivace* detíñame cos óboes, coma se me fixesen unha pregunta. E que ganas de seguir escoitando! E esa modulación até o tema, unha das súas moitas trasnadas coa tonalidade! Sempre tan ambiguo e pillabán, meu afable mestre, non hai quen pille a un vienés nun renuncio! Cando o cría tráxico sen remedio... zas, era todo máscara!

Estou afeita aos sobressaltos nas súas obras, son coma sentarse enriba dun resorte deses xoguetes para crianzas. Pero esta vez excedeuse! No *Andante* estaba cantaruxando *Twinkle, twinkle little star* cos meus fillos –non me negará terse inspirado nesa cantarela–, servíndome unha cunca de café ben quente para acompañar unha *Sachertorte* e con semellante estrondo de timbal alá foi a cafeteira sobre as cuncas! Rímonos a esgalla, pero a louza amaño xa non ten. Como se lle ocorreu unha moufada tras eses compases, se me permite, algo aburridos? Sospeita que se lle dormen na platea? Quere acabar con alguén dun infarto? Seica co seu pupilo, Pleyel, tamén en Londres con ánimo de rivalizar?

Coas irisadas variacións do resto do movemento recollemos a porcelana rota. Os meus fillos pasárono bomba finxindo tocar trompetas e tambores. Xulgo un acerto incluír os bronceos nunha sección lenta, dálle vigor. Sei que lle afagará sabelo.

Bailamos descalzos o *Ländler* do minueto. Co *Finale* sentámonos todos despeiteados a tomar café frío. Topeime cunha crítica desta Sinfonía súa nun diario londinense e a miña doncela Rhian, que é galesa, tradúcema:

«Podería non ser inapropiado comparar a Sorpresa coa escena dunha fermosa pastora que, adormentada polo rumor distante dunha fervenza, leva un susto polo disparo repentino dunha escopeta de caza.»

Mmm, creo coñecer o seu carisma burlón ...Unha escopeta de caza? Unha botella de espumoso diría eu, señor, ou uns fogos artificiais! Imaxínoo a vostede en recepcións con cabaleiros e damas pálidas facendo virar as súas antucas; case o vexo recibindo o seu doutoramento *honoris causa* en Oxford moi solemne, ah, si, pero coas fazulas acesas e a mente nun *scherzo*.

Encantaríame gozar dunha etapa de viaxes creativas coma a súa pero o meu sitio, como sabe, está aquí en Viena, a carón do meu esposo. De cando en vez no piano dou renda solta a unha inspiración que até me evade das miñas obrigas familiares; chégome a sentir como nese lenzo dunha artista francesa, Marie-Guillemine Benoist, *A inocencia entre o vicio e a virtude*. Coñéceo? Compuxen unha sonata inspirada nel, talvez se puidese escoitala apreciaríaa...

Coa máxima veneración e agarimo,

Marie Anna Sabina von Genzinger

PIOTR ILICH CHAIKOVSKI [1840-1893]

Concerto para violín e orquestra, en re maior, op. 35, 1878

O sensible Piotr perdera a súa nai sendo adolescente e aquela muller de rutilante fortuna, a viúva Nadezhda von Meck, apareceu na súa caixa de correo para ofrecerlle non un amorío senón colo económico e lambiscada intelectual. A relación foi por veces veces tensa, nunca resolta carnalmente: como saben as guionistas de series, o truco para que algo dure. Platónica até o punto de que, unha vez terminado o padroádego financeiro, ambos seguiron misteriosamente unidos e faleceron con meses de diferenza.

Intercambiaron máis de 1000 cartas entre 1876 e 1890 e algunhas fotos, se ben o «Instagram» da época era lacónico. Albiscáronse unha vez, de lonxe. Entrementres, Chaikovski acepta casar cunha alumna crendo «solucionar» así unha homosexualidade tratada como delito daquela. Tratou de suicidarse.

Aos 3 meses sepáranse e el retírase a Clarens, na Suíza. Acaba de terminar a Cuarta Sinfonía, a ópera «Evgeni Onegin» e un matrimonio *fake*. Acompañao un violinista, Iosif Kotek. En poucos días Chaikovski enreda este concerto sísmico e decide dedicarllo a outro virtuoso, Leopold Auer, talvez para acalar a unha sociedade homófoba.

Auer cualificarao de «intocable» pola súa dificultade extrema, e estrearao en Viena A. Brodsky en 1881. Co seu habitual vitriolo, o crítico Hanslick dedícalle esta sinestesia: «fede ao oído».

[Non concordarían con el os directores Radu Mihaileanu, o chinés Chen Kaige ou o músico Bill Conti para as cintas «O concerto», de 2009, «He ni zai yi qi» [Xuntos, de 2002] ou «Elixidos para a gloria» de 1983, respectivamente, que no século XX empregaron fragmentos deste concerto como banda sonora. En «O Concerto» é de feito un dos fíos conductores da trama, o do título].

Chaikovski escribe semanalmente á súa invisible mecenas, pero estas notas complementáanse coa licenza literaria de **dúas cartas ficticias** entre ambos. Unha aproximación diferente a este hoxe célebre concerto, que comezou como parrulo feo ás beiras do Lago Lemán.

Clarens, marzo-abril 1878

Canta ledicia me proporcionan as súas cartas, prezada amiga Nadezhda Filaretovna, nestes días de desexo. Compoñer aquí é un pracer, entre andainas salferidas de floriñas silvestres e, malia que me segue a preocupar se haberá guerra en Rusia, a eclosión da primavera e os fraseos do meu concerto para violín absórbenme case por completo.

Aposto a que este concerto será do seu gusto, algo diabólico. E non me lembre o seu ateísmo: escribino só para mans de diaño. Como sabe, a miña formación foi ao piano; é o noso bo amigo común Iosif quen me asesora. El tróuxome a *Symphonie Espagnole*, de Lalo: seducíume ese non profundizar demasiado senón deixarse levar pola beleza das melodías. Así me estou deixando levar eu.

Dividino en tres partes. Talvez substitúa a sección lenta por unha *Canzonetta*, seguindo o consello de Modest e mais Iosif.

Unha introdución orquestral inflámase e deixa paso á *cadenza* do olímpico violín cara ao tema principal. O violín é un instrumento que vexo como un amigo ou como un inimigo, non sei, debe de ser unha das miñas neuroses, queridiña. Non me cortei nin un pelo e deixei levar por corgas serpeantes, escaleiras que descen para ascender, remuíños de follaxe e gomos de amendoeira, rápidos e relanzos, tormentas e tornados. O heroe solista debe atravesalos todos e avasallarnos no clímax final.

Non creo a ningún violinista no mundo quen de acometer este 1º movemento sen suar a chorro pero é lei de vida: ninguén se enfronta ao destino, o *fatum*, sen se esgotar.

Seu afectísimo,

Piotr Illich Chaikovski

Meu queridísimo amigo, tan coñecido coma descoñecido,

Como ben sabe descreo do matrimonio, e dillo alguén que deu a luz 13 criaturas. Creo no entanto na unión de dúas almas afíns, como son a súa e a

miña. O correo, a súa música e a miña solvencia permítennos esta relación estraña e aérea como ese violín que sinto no seu concerto, coma un paxaro das neves, un *snegir* capaz de voar das montañas suízas a Moscova.

Reclínome mentres escoito esa sublime *Canzonetta* pola que optou para o 2º movemento. Xa sabe que a miña primeira impresión da súa fantasmagoría para violín foi nefasta. Con todo, esta melancolía co violín en sordina, como velado, afastado, recórdame a nosa amizade velada, afastada. E non menos estimulante, coma un bo viño. Seica non ha concordar comigo, vostede sostén que a música é revelación, non embriaguez. Pero, aí, déixeme saborear o meu oportu e o meu *fatum!*

Pensaba vostede en alguén con esta *Canzonetta*, benquerido Piotr Ilich? Alguén amado, alguén imposible? Prefiro non sabelo. Como lle dixen no seu momento, aborrezo á súa ex muller por facelo a vostede infeliz, pero aínda a aborrecería máis se o tivera feito feliz.

E dime que compuxo este movemento nun só día? *Carpe diem*, amigo! Deixei levar nesa góndola da transición ao 3º movemento, sen me decatar, leda coma unhas campaiñas de zorra. E aínda que me atopaba soa, sen máis compañía có meu samovar e a nova novela de Tolstoi, sentínme no medio dunha gran festa. Incómoda ás veces, confeso, non son devota da troula nin do vodka. Demasiada Rusia escoito aí, demasiado *trepak*. Algo bota vostede de menos desta terra dura.

«Rusia! Rusia! Véxote, véxote dende este prodixio que é o meu marabilloso arredamento!», como escribiu o gran Gógol dende Italia en «As almas mortas». Identifícase?

Deséxolle toda a sorte a este caramelo envelenado para virtuosos. Oxalá eles ou elas lle dean longa vida. Non sexa malo e escribame doutros temas. Falemos da Tatiana do seu Onegin, de se o vai estrear Rubinstein.

Con afecto e fervor,

Nadezhda von Meck

BÉLA BARTÓK [1881-1945]

Música para corda, percusión e celesta, Sz. 106, 1937

Que as matemáticas son o alfabeto do Universo é unha das citas máis repetidas de Galileo. A idea de traducir a natureza imitando os seus patróns matemáticos agrela de xeito intuitivo na música e formalízase sobre todo no s. XX, con I. Xenakis.

Cara a 1905, no seu percorrido por bosques e aldeas húngaras como etnomusicólogo [a fermosa profesión que se inventou] é probable que Béla Bartók apañase, ademais de melodías populares, piñas caídas. Dise que no seu estudo sempre había. O crecemento nas brácteas de piña –como o xiro da

nosa galaxia, a Vía Láctea— segue un deseño de espiral logarítmica. Viuse nela a unha logarítmica especial, a do número áureo: φ ou *Phi*.

É certo que a sucesión de Fibonacci rexe na disposición de inflorescencias, sementes de xirasol ou a famosa piña, así como noutros patróns de crecemento. Con todo, non hai evidencias de que Bartók compuxese calculando o número áureo ou Fibonacci. Era un músico introspectivo con trazos de Asperger —ou así o radiografou D. Cooper nunha biografía recente— e de xenio meticuloso.

E abofé que a súa música pode ser cerebral; pero qué hai de malo niso se toda espontaneidade, curiosidade e paixón non nacen senón no cerebro.

Unha das obras que sustenta esa —permítome o escepticismo— lenda matemática en Bartók é a «Música para corda, percusión e celesta». Encarga do suízo Paul Sacher, magnate farmacéutico ademais de músico, tres anos antes de que Béla e a súa dona, a pianista Ditta Pasztory, emigren aos Estados Unidos.

O resultado impacta. A atmosfera que nos fai respirar é doutro planeta. Cóidase a disposición espacial [a escoita binaural en sala é idónea]: dúas orquestras de corda separadas por piano e celesta. Coma un *concerto grosso* do Barroco. Dos catro movementos, o primeiro explora unha obsesión pola simetría. Os seus 88 compases [88 como teclas nun piano ou constelacións recoñecidas pola IAU, belas pero meras coincidencias] conforman unha fuga, de La a La. Lenta fuga de caracol. Abren violas con sordina e a elas volverase.

Os meandros melódicos e harmónicos desembocan nun clímax a partir do cal repréganse sobre si mesmos, telegrafados por unha celesta alienígena. Os defensores da sucesión de Fibonacci aquí lémbrennos que 89 pertence á secuencia [88 compases + 1 de silencio], e tamén o 55, o compás do clímax. $89 / 55 = 1'61818...$ é unha aproximación a *Phi*, o número de ouro.

O 2º movemento en forma sonata é unha danza vertixinosa sobre un piano mallado coma un tambor, alixeirado polo *pizzicato*, alternancias no compás e timbais telúricos marcando a entrada a arpas e xilófono.

E será o tintín do xilófono o que abra o 3º movemento. Unha frase palíndromo como o é todo este *Adagio* [ABCDEDCBA]. Grilos dun crepúsculo baixo primeiras estrelas? Ao compositor gustábanlle os insectos e este nocturno poboado de voos e vida á esculca é magnético. Unha maxia intrigante, *glissandi* de timbal, arpa, celesta e piano como constelacións nun outeiro ás escuras...

E si: imaxes de Jack Nicholson tolo perdido no hotel nevado de «O Resplandor», de Stanley Kubrick, 1980. É unha das súas pezas musicais máis desacougantes.

Bartók garda para o *Allegro molto* final ao compilador de bailes labregos, aquí case imposibles de seguir, transfigurados: un ritmo búlgaro compite co tema do

1º movement, enriquecido e conmovedor, coma o pebideiro rotatorio dun xirasol nas campías dunha galaxia espiral.

O damasquinado de celesta, arpa, xilófono, piano e timbais fía nesta obra unha textura sonora abisal, de ritmo inimitablemente «bartók» [nada que engadir], pero de estrutura non menos extraordinaria: xogos coa simetría, palíndromos e, talvez –son conxecturas– cifras douradas ocultas nunha humilde piña de bosque.

Estíbaliz... Espinosa, outubro 2017